



ÁLVARO VILA ARAUJO, voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, da Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento desta corporación presenta unha **MOCIÓN PARA GARANTIR UNHA SANIDADE PÚBLICA DIGNA, SUFICIENTE E DE CALIDADE PARA TODA A VECIÑANZA DA PROVINCIA DE OURENSE, INDEPENDENTEMENTE DO SEU LUGAR DE RESIDENCIA.**

A situación na que se atopa a área sanitaria Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras é límite. Malia as continuas promesas e anuncios grandilocuentes por parte do goberno autonómico do PP, o déficit de sanitarios na provincia é de máis de 150 facultativos e case que un cento de enfermeiras, segundo fontes do Colexio de Médicos de Ourense e do Sindicato de Enfermería Satse. A provincia, que se sitúa entre as cinco provincias españolas con menor número de enfermeiras con relación á súa poboación, xunto con Pontevedra, Guadalaxara, Murcia e Alacante, tamén precisa de preto de 1.500 enfermeiras para acadar a ratio media de profesionais por paciente na UE, segundo un informe do Consello Xeral de Enfermería. Amais, os profesionais da sanidade láianse das súas condicións laborais e cualifican a carga de traballo á que se ven sometidos de «insostible». É claro e sen paliativos que non funciona a atención primaria e que faltan especialistas. Durante o primeiro semestre de 2023, a media de agarda na área sanitaria Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras foi de 108,6 días, conformándose coma o peor rexistro de Galicia. Un ourensán tarda tres veces máis en ser atendido que un veciño de Vigo (38,7 días), que é a área con mellores de datos, e demora case un mes máis que un paciente da área sanitaria Lugo, A Mariña e Monforte (83,9 días), que ocupa o segundo posto con maior demora en Galicia.

As eivas graves na atención primaria están a producir un incremento dos ingresos hospitalarios e das listas de agarda cirúrxicas, exercendo asemade unha forte presión nas Urgencias de hospitais e Puntos de Atención Continuada. Esta situación de sobrecarga agrávase cos picos das infeccións respiratorias, que cada temporada se producen en diferentes semanas. Un destes picos tivo lugar, precisamente, durante as máis recentes festas do Nadal, pasando polas Urgencias entre o 23 de decembro de 2023 e o 7 de xaneiro de 2024 até 20.532 ourensáns, que representan un 7% do total de poboación da provincia. Profesionais como a presidenta do Colexio de Médicos de Ourense, Pilar Garzón, coinciden en sinalar á atención primaria coma o pilar fundamental da sanidade, xa que implica coidados e control, redundando nunha meirande prevención. Deste xeito, ao non ser a atención primaria capaz de drenar o total do volume de pacientes que lles chegan, estes acaban en Urgencias colapsando o sistema, coma é o caso na nosa provincia.

O estado de cousas é aínda máis dramático alén da capital provincial. Numerosos concellos ourensáns reclaman solucións á Consellería de Sanidade diante da falta de médicos e pediatras de atención primaria, e tamén de especialistas. Nas últimas semanas veciños de diferentes concellos ourensáns teñen protagonizado protestas para esixir facultativos e unha



cobertura sanitaria de calidade nos seus centros de saúde. A queixa é común: a falta de profesionais para cubrir as demandas da poboación. Porén, as casuísticas varían: hai lugares onde a praza do médico leva meses vacante tras unha xubilación e os veciños reclaman a súa reposición (Alvarellos, Monterrei, Cartelle, Punxín, Leiro, Lobios); mentres que en outros a falla pasa por que a atención sanitaria non é cotiá, ao cubrir un mesmo galeno varios centros de saúde á vez (Os Peares, Coles, Beade, A Mezquita, A Gudiña); ou por que se suprimen especialidades coma en Xinzo de Limia e O Carballiño, onde se teñen conformado amplas plataformas cidadás que reivindican restablecer os servizos de Pediatría para a atender a milleiros de nenos destas comarcas. A deriva no Carballiño ilustra ben ás claras a auténtica natureza do problema: por falta de previsión da Xunta de Galicia e os continuos recortes aos que se ve sometido o sistema de saúde, a carencia de pediatra nun centro de saúde que atende a 27.000 persoas de nove concellos diferentes e a uns 2.500 nenos obriga a desprazarse ás Urgencias do Hospital de Ourense, a miúdo colapsadas, ou a optar pola sanidade privada.

A sensación de que se está a dismantelar a sanidade pública tamén existe en Verín e Valdeorras, onde hai tempo multiplícanse as queixas sobre a falta de persoal facultativo especializado. No Hospital do Barco faltan cirurxiáns, traumatólogos, hematólogos, oftalmólogos e otorrinolaringólogos, entre outros especialistas, tardando a oferta pública de emprego de prazas de difícil cobertura prometida pola Xunta de Galicia. Fontes hospitalarias dan conta dun descenso de ata un 20% nas intervencións cirúrxicas no centro de Barco, que da conta do descenso da actividade e o seu traslado a Ourense ou Vigo. Amais, o novo concurso de transporte urgente do 061 para toda Galicia non implica apenas modificacións con respecto ao contrato do 2019 malia as reiteradas demandas para un reforzo do servizo, entoxándose insuficiente a provisión de ambulancias para cubrir unha provincia como Ourense. Nos casos de Verín e nomeadamente de Valdeorras, non se dispoñen ambulancias medicalizadas con soporte vital avanzado, capaces de atender situacións graves en zonas afastadas cunha orografía complexa, núcleos afastados e cunha poboación moi envellecida.

Tal sucesión de fitos evidencia que na área sanitaria Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras non se garante unha atención sanitaria pública suficiente e de calidade para todas e todos, independentemente do lugar de residencia. Xustificando as evidencias en «desaxustes puntuais», lonxe de recoñecer a dimensión estrutural do problema e o errático das políticas sanitarias despregadas por sucesivos gobernos conservadores, o partido de Feijóo tarda en asumir a súa responsabilidade na grave crise que atravesa o Servizo Galego de Saúde pola falta de planificación, previsión e medios. Un feito de extrema gravidade que precisa dunha actuación contundente e urgente por parte da Xunta de Galiza para garantir o dereito á saúde das veciñas e veciños da provincia de Ourense.

Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

PRIMEIRA.- Que a Deputación de Ourense esixa ao goberno galego a adopción urgente e inmediata de todas as medidas necesarias para garantir a prestación dunha atención sanitaria



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

digna, suficiente e de calidade para todas as veciñas e veciños das áreas sanitarias de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, independentemente do seu lugar de residencia.

SEGUNDA.- Que a Deputación de Ourense se implique en primeira persoa para esixir á Xunta de Galicia que, alén de parches e coberturas provisionais de facultativos doutras áreas, adopte as medidas precisas para a reposición inmediata dos servizo de pediatría e atención especializada alí onde a situación é máis urxente, como no Carballiño, Xinzo de Limia e O Barco de Valdeorras.

TERCEIRA.- Que a Deputación de Ourense se implique en primeira persoa para esixir á Xunta de Galicia modificacións nas provisións de transporte urxente do 061 para dispor ambulancias medicalizadas con soporte vital avanzado no Barco de Valdeorras e Verín, e reforzos de ambulancias medicalizadas en outras comarcas da provincia como O Ribeiro e O Carballiño.

CUARTA.- Que a Deputación de Ourense reclame á Xunta de Galicia á mellora global da dotación en recursos humanos e materiais do Sistema Público de Saúde de Galicia, que contemple a incorporación progresiva de profesionais sanitarios e especialistas para cubrir as necesidades certas dos diferentes establecementos hospitalarios, PAC e centros de saúde da provincia de Ourense.

En Ourense, a 10 de xaneiro de 2024.

Asinado: Álvaro Vila Araujo

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE